

INFÓRMA te

DISCAPACIDADE

xuño 2023

**NON SE CONCRETA NINGÚN AVANCE NA
MESA NEGOCIADORA DO 2 DE XUÑO DE 2023**



O poder de cambiar as cousas



Tras a abrupta interrupción da reunión da Mesa Negociadora do 27 de marzo, a negociación retomouse o pasado 2 de xuño, aínda que non se puido concretar avance ningún nos artigos tratados.

A maior parte desta última reunión pivotou arredor da proposta de mellora de redacción achegada por CCOO sobre o artigo 29. Non acabou de convencerlles ás organizacións patronais a nosa formulación de introducir un complemento de garantía salarial que permita recoller as diferenzas económicas resultantes de comparar os conceptos retributivos do Convenio de Discapacidade cos dos convenios sectoriais que serían de aplicación para os CEE afectados polo dito artigo. A pesar diso, seguiremos teimando na necesidade de mellorar a actual redacción para garantir a non discriminación entre as persoas traballadoras e a aplicación efectiva das mellores condicións salariais posibles.

Respecto ao resto dos puntos que se abordaron, todos eles contiñan reivindicacións sindicais do bloque retributivo. Non obstante, as patronais responderon cunha negativa xeral. Cuestións como o incremento do valor da hora nocturna ou da hora extra, a inclusión de novos complementos e do N3, ou o aumento dos salarios base ata os 1080 euros foron sistematicamente rexeitadas.

En relación coa nosa intervención, na que xustificabamos a necesidade de adaptar o salario base ao SMI para os tres grupos profesionais afectados, a patronal maioritaria manifestou, por un lado, as dificultades económicas que implicaría esta medida e, por outro, a súa disposición para abordar esta problemática no marco do artigo 32, sen concretar ningunha proposta, pero co compromiso de trasladalo para a seguinte reunión.

Dende CCOO manifestamos a necesidade de coñecer, na seguinte reunión que se celebrará o próximo 28 de xuño, as medidas concretas da nosa plataforma reivindicativa que as patronais estarían dispostas a asumir, coa intención de clarificar o escenario sindical que se poida orixinar a partir de setembro.



**Sindicalismo
CCOOmprometido
na defensa e mellora
dos dereitos
dos traballadores
e traballadoras**

Santiago de Compostela
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1.º
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla, 58 - 4.º
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería, 1 - 2.º
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María, 42-44, 3.º
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro, 12 - 3.º
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras, 11 Entrechán
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco
Praza do Concello, 2 - 1.º
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es




ensino



Afiliate! É esencial.

www.ccooensino.gal